

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36015111	CPI Aurelio Marcelino Rey García	Cuntis	2023/2024

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación primaria	Educación física	4º Pri.	2	70

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	4
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	22
4.2. Materiais e recursos didácticos	23
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	24
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	24
6. Medidas de atención á diversidade	25
7.1. Concreción dos elementos transversais	25
7.2. Actividades complementarias	26
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro	27
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	28
9. Outros apartados	28

1. Introducción

O presente documento desenvolve unha programación didáctica para a área de Educación Física en 3º curso de Educación Primaria, realizada en base ao Proxecto Curricular do centro e tendo en conta o Decreto 155/2022 do 15 de setembro no que se establece a ordenación e o currículo de Educación Primaria.

A área de Educación Física debe fundamentarse na adquisición das capacidades que contribúan ao desenvolvemento persoal e a unha mellor calidade de vida. Ten que dirixirse cara ao coñecemento progresivo da conduta motora e á adquisición de actitudes, valores e normas referentes ao corpo e ao movemento.

É un área que contribuirá ao logro de diversos fins educativos na Etapa de Educación Primaria: socialización, autonomía, aprendizaxes básicas e mellora das posibilidades expresivas, cognitivas, comunicativas e lúdicas.

Pero a Educación Física non é unha simple aprendizaxe de movementos, senón un camiño cara á educación total que utiliza dito movemento como axente pedagóxico con diversas funcións: de coñecemento, de organización perceptiva, anatómico-funcional, estético-comunicativa, de relación persoal coas demais persoas, agonística, hixiénica, hedonista, de compensación e catártica.

Esta área curricular está especialmente indicada para integrar todo tipo de alumnado e resulta idónea de cara á Atención á Diversidade. Debe incidirse na Coeducación e na Igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Nesta proposta teranse en conta os diferentes ritmos de maduración, preténdese desenvolver as capacidades e habilidades instrumentais que melloran e aumentan as posibilidades de movemento dos alumnos/as, a través de patróns motores básicos que constitúan unha sólida base para o futuro.

Un dos obxectivos principais debe ser fomentar a adquisición dun estilo de vida activo e saudable que lle permita ao alumnado chegar a consolidar hábitos e, posteriormente, perpetualos ao longo da súa vida. Esos hábitos de vida saudable son a clave para evitar o sedentarismo e a obesidade contribuindo a ter calidade de vida. Temos que inculcar ao noso alumnado que a actividade física ten que estar no presente e no futuro do seu día a día.

Para abordar con posibilidades de éxito as numerosas situacións motrices ás que se verá exposto o alumnado ao longo da súa vida, será preciso desenvolver de maneira integral capacidades de carácter cognitivo e motor, pero tamén afectivo-motivacional, de relacións interpersoais e de inserción social. Deste xeito, o alumnado terá que aprender a xestionar as súas emocións e as súas habilidades sociais en contextos de práctica motriz.

O alumnado tamén deberá recoñecer diferentes manifestacións da cultura motriz, como parte relevante do patrimonio cultural, expresivo e artístico, que poden converterse en obxecto de gozo e aprendizaxe. Para iso, será preciso desenvolver a súa identidade persoal e social integrando nela as manifestacións máis comúns da cultura motriz, a través dunha práctica vivenciada e creativa.

O desenvolvemento de actitudes comprometidas co medio ambiente e a súa materialización en comportamentos baseados na conservación e na sustentabilidade asociaranse cunha competencia fundamental para a vida en sociedade que debe comezar a adoptarse nesta etapa.

Características Psicoevolutivas do alumnado de 4º de E. Primaria:

- **Ámbito cognitivo:** están no período de operacións concretas (Piaget), polo que utilizan, en moitas ocasións, máis a memoria ca intelixencia para aprender, polo que é preciso favorecer as situacións de experimentación e manipulación, de xeito que adquiran novos esquemas e formas de relacionar as aprendizaxes anteriores.

- **Ámbito motor:** comezan a consolidar o seu esquema corporal e a tomar conciencia do seu corpo e do ton muscular. Dominan bastante ben as súas habilidades físicas e gozan con actividades que requiren de movemento, coordinación, equilibrio e destreza.

- **Ámbito afectivo-social:** Son nenos/as sen grandes conflitos evolutivos, tranquilos; aos/ás que lles gusta xogar e relacionarse cos seus/súas compañeiros/as. Son fáciles de estimular xa que parécelles atractivas a maioría das

actividades que lle propós.

Contextualización:

- Centro: CPI Aurelio Marcelino Rey García
- Unidades: 18 (12 en EP)
- Curso 4º Nº alumnos/as: (11 nenas e 18 nenos)
- Contorna: Rural
- Instalacións: ximnasio, polideportivo, patio exterior, zona verde no exterior
- Xornada escolar: continua (08:45 a 13:45)

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Adoptar un estilo de vida activo e saudable, practicando regularmente actividades físicas e deportivas e adoptando comportamentos que potencien a saúde física, mental e social, así como medidas de responsabilidade individual e colectiva durante a práctica motriz para interiorizar e integrar hábitos de actividade física sistemática que contribúan ao benestar.			2-5		2-5		3	
OBX2 - Adaptar os elementos propios do esquema corporal, as capacidades físicas, perceptivo-motrices e coordinativas, así como as habilidades e as destrezas motrices, aplicando procesos de percepción, decisión e execución adecuados á lóxica interna e aos obxectivos de diferentes situacións, para dar resposta ás demandas de proxectos motores e de prácticas motrices con distintas finalidades en contextos da vida diaria.			1	3	4-5			
OBX3 - Desenvolver procesos de autorregulación e interacción no marco da práctica motriz, con actitude emprática e inclusiva, facendo uso de habilidades sociais e actitudes de cooperación, respecto, traballo en equipo e deportividade, con independencia das diferenzas etnoculturais, sociais, de xénero e de habilidade dos participantes, para contribuír á convivencia social e ao compromiso ético nos diferentes espazos en que se participa.	1-5				1-3-5	2-3		
OBX4 - Recoñecer e practicar diferentes manifestacións lúdicas, físico-deportivas e artístico-expresivas propias da cultura motriz, valorando a súa influencia e as súas achegas estéticas e creativas á cultura tradicional e contemporánea, para integralas nas situacións motrices que se utilizan regularmente na vida cotiá.		3				3		1-2-3-4

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX5 - Valorar diferentes medios naturais e urbanos como contextos de práctica motriz, interactuando con eles, comprendendo a importancia da súa conservación desde un enfoque sustentable e adoptando medidas de responsabilidade individual durante a práctica de xogos e actividades físico-deportivas, para realizar unha práctica eficiente e respectuosa coa contorna e participar no seu coidado e mellora.			5			2-4	1-3	

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Poñéndonos en marcha!!!	Unidade didáctica referido ao desenvolvemento das capacidades físicas básicas a través do xogo e contidos relacionados coas normas de clase e hábitos saudables	8	5	X		
2	Quero ser... atleta.	Unidade didáctica destinada a desenvolver as habilidades motrices básicas en diversas situacións motrices, con diferentes móbiles en variadas situacións de xogo.	12	10	X		
3	Balónmán-Twincon	Unidade didáctica de introdución a deportes de colectivos que se xogan coa man nun espazo de xogo compartido.	12	10	X		
4	A loitar	Unidade didáctica destinada a iniciarse nas habilidades motrices dos deportes de loita.	14	9		X	
5	Xogamos con todo.	UD que desenvolve contidos de xogos tradicionais e con material alternativo.	12	8		X	
6	Xogamos con raquetas.	Unidade didáctica de introdución ao bádminton.	10	5		X	
7	Floorball	Deporte alternativo para iniciar ao alumnado nos deportes de stick.	10	6			X
8	Danzade malditos/as!!	Unidade didáctica onde se desenvolverán contidos relacionados co baile tradicional.	6	7			X
9	Cuntis, espazo natural	Unidade didáctica para practicar actividade física no medio natural e urbano	16	10	X	X	X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Poñéndonos en marcha!!!	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a actividade física como un das medidas a tomar para levar un estilo de vida saudable.	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Realiza quecementos antes da practica de actividade física.		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Participa activamente nas actividades e xogos.		
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Utiliza roupa e calzado axeitado na práctica motriz.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Recolle o material ao remate da sesión		
CA2.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Realiza exercicios de mobilidade articular empregando estratexias básicas de monitoraxe.		
CA2.4 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Realiza exercicios de estiramentos empregando estratexias básicas de monitoraxe.		
CA2.6 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando as achegas dos participantes.	Respecta as normas de xogo.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.7 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participa na formación de grupos e equipos fomentando o equilibrio entre eles.		
CA3.1 - Realizar proxectos motores de carácter individual, cooperativo ou colaborativo empregando estratexias básicas de monitoraxe e seguimento que permitan analizar os resultados obtidos.	Regula á intensidade do esforzo aeróbico en función das súas posibilidades.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	É capaz de realizar quecementos de forma autónoma		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Respecta as normas viarias nos seus desprazamentos na contorna urbana e ata chegar aos espazos naturais.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostra unha actitude positiva cara a práctica motriz		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Respecta as normas de clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde física: - Efectos físicos e psicolóxicos beneficiosos dun estilo de vida activo. - Características dos alimentos naturais, procesados e ultraprocesados. - Hidratación na práctica da actividade física. - Educación postural en accións motrices habituais. - Factores básicos que inciden no coidado do corpo. - Saúde mental: - Beneficios a nivel psicolóxico dun estilo de vida activo. - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Elección da práctica física: usos e finalidades catárticos, lúdico-recreativos e cooperativos. Respecto ás eleccións dos demais. - Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.

Contidos

- Consolidación de pautas de hixiene persoal relacionadas coa actividade física.
- Planificación e autorregulación de proxectos motores: mecanismos básicos para executar o planificado.
- Prevención de accidentes nas prácticas motrices: mecanismos de prevención e control corporal para a prevención de lesións.
- Toma de decisións:
- Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais.
- Esquema corporal.
- Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices.
- Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración.
- Coordinación dinámica xeral e segmentaria.
- Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas.
- Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Combinación de habilidades.
- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.

UD	Título da UD	Duración
2	Quero ser... atleta.	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a actividade física como elemento fundamental dun estilo de vida saudable	TI	100
CA1.2 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Realiza quecementos antes da práctica de actividade física		
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Participa activamente dos xogos e actividades propostas		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Aplicar medidas de educación postural, alimentación saudable, hixiene corporal e preparación da práctica motriz, asumindo responsabilidades e xerando hábitos e rutinas en situacións cotiás.	Utiliza roupa e calzado axeitado para a práctica motriz		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Coida o material e o recolle ao remate das sesións		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Participa en actividades e xogos para a mellora das súas capacidades físicas básicas		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Respecta as normas de circulación vial como peón nos seus desprazamentos pola contorna urbana e ata os espazos naturais		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostra unha actitude positiva cara a práctica física		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Respecta as normas de clase.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde mental: - Beneficios a nivel psicolóxico dun estilo de vida activo. - Respecto e aceptación do propio corpo. - Autocoñecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Toma de decisións: - Distribución racional do esforzo en situacións motrices individuais. - Esquema corporal. - Control tónico-postural e independencia segmentaria en situacións motrices. - Conciencia e control do ritmo respiratorio en diferentes actividades. Conciencia dos diferentes tipos de respiración.

Contidos

- Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables.
- Coordinación dinámica xeral e segmentaria.
- Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas.
- Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Combinación de habilidades.
- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.

UD	Título da UD	Duración
3	Balonmán-Twincon	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a actividade física como elemento fundamental dun estilo de vida saudable.		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Realiza quecementos antes da práctica de actividade para a prevención de lesións.		
CA2.5 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	É capaz de pasar un móbil buscando ao xogador desmarcado.	TI	100
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Busca os espazos libres para recibir o móbil		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Realiza habilidades motrices de bote, pase, recepción e lanzamento en situacións lúdicas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Mostra unha actitude positiva cara a práctica do balonmán		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Coñece e respecta as normas do balonmán		
CA4.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Acepta a derrota e compórtase na victoria		
CA5.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	É capaz de xogar un partido de balonmán		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Límites para evitar unha competitividade desmedida. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Toma de decisións: - Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto. - Pase a compañeiros desmarcados ou en situación vantaxosa en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil. - Esquema corporal. - Definición da lateralidade. - Coordinación dinámica xeral e segmentaria. - Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas. - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Combinación de

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - habilidades. - Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices. - Concepto de deportividade. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo. - Deporte e perspectiva de xénero: ligas masculinas, femininas e mixtas de distintos deportes. Referentes no deporte de distintos xéneros.

UD	Título da UD	Duración
4	A loitar	9

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Recoñecer a propia imaxe corporal e a dos demais, aceptando e respectando as características individuais e superando e rexeitando as condutas discriminatorias que se poidan producir en contextos de práctica motriz.	Acepta a todos/as os/as nenos/as como compañeiros de xogo sen importar o seu nivel de práctica motriz	TI	100
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Resolve os conflitos xurdidos da práctica deportiva de forma dialogada		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Coida e recolle o material ao remate da sesión		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Participa en función das súas capacidades nos xogos de loita.		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Respecta as normas dos diferentes xogos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde mental: - Respecto e aceptación do propio corpo. - Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Toma de decisións: - Localización no espazo en situacións cooperativas. - Esquema corporal. - Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables. - Coordinación dinámica xeral e segmentaria. - Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas. - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Combinación de habilidades. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Concepto de deportividade.

UD	Título da UD	Duración
5	Xogamos con todo.	8

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Mantén as distancias de seguridade nos xogos de lanzamento de obxectos	TI	100
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Participa en función das súas capacidades nos diferentes xogos		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Respecta as normas dos xogos e mostra actitudes de xogo limpo.		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Controla o seu corpo nos diferentes xogos.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.2 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Participa activamente en xogos tradicionais de Cuntis		
CA5.3 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	Reproduce distintos movementos dos xogos con compoñente rítmico		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Toma de decisións: - Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil. - Esquema corporal. - Definición da lateralidade. - Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables. - Coordinación dinámica xeral e segmentaria. - Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas. - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Combinación de habilidades. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo. - Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade. - Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.

UD	Título da UD	Duración
6	Xogamos con raquetas.	5

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Participa activamente nos diferentes xogos e partidos de bádminon.	TI	100
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Coida e recolle o material		
CA2.5 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Mostra intención de enviar ao móbil ao espazos libres aínda que a execución non sexa a correcta.		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Se sitúa correctamente no terreno de xogo.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Realiza diferentes golpes de bádminon.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostra actiude positiva cara a práctica do bádminon.		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Coñece es respecta as normas do bádminon,		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Acepta a derrota e compórtase na victoria.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA5.4 - Adquirir unha visión aberta do deporte para partir do coñecemento de distintas ligas femininas, masculinas ou mixtas, achegándose ao deporte federado e identificando e rexeitando comportamentos contrarios á convivencia, independentemente do contexto no que teñan lugar.	Participa activamente en xogos e partidos mixtos de bádminton.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Límites para evitar unha competitividade desmedida. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Toma de decisións: - Esquema corporal. - Definición da lateralidade. - Coordinación dinámica xeral e segmentaria. - Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas. - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Combinación de habilidades. - Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Habilidades sociais: escoita activa e estratexias de negociación para a resolución de conflitos en contextos motrices. - Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo. - Deporte e perspectiva de xénero: ligas masculinas, femininas e mixtas de distintos deportes. Referentes no deporte de distintos xéneros.

UD	Título da UD	Duración
7	Floorball	6

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a actividade física como elemento fundamental de estilo de vida saudable.	TI	100
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Respecta o uso apropiado do implemento utilizado.		
CA2.5 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	É capaz de pasar un móbil co seu implemento a zona do xogador desmarcado.		
CA3.2 - Adoptar decisións en situacións lúdicas, xogos e actividades deportivas, axustándose ás demandas derivadas dos obxectivos motores, das características do grupo e da lóxica interna de situacións individuais, de cooperación e de oposición, en contextos simulados de actuación.	Sepárase dos defensores cando busca a recepción.		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Realiza conduccións, pases, recepcións e lanzamentos con implemento.		
CA4.1 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, controlando a impulsividade e as emocións negativas que xurdan en contextos de actividade motriz.	Mostra actitudes positiva cara a práctica do floorball		
CA4.2 - Respectar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Coñece e respecta as normas do floorball		
CA4.3 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Acepta a derrota e compórtase na victoria		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Límites para evitar unha competitividade desmedida.

Contidos

- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.
- Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
- Toma de decisións:
- Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto.
- Pase a compañeiros desmarcados ou en situación vantaxosa en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.
- Esquema corporal.
- Definición da lateralidade.
- Coordinación dinámica xeral e segmentaria.
- Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas.
- Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Combinación de habilidades.
- Xestión emocional: recoñecemento de emocións propias, pensamentos e sentimentos a partir de experiencias motrices.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Concepto de deportividade.
- Condutas contrarias á convivencia, discriminatorias ou sexistas, en situacións motrices (discriminación por cuestións de competencia motriz, etnia, xénero ou outras): estratexias para a súa identificación e efectos negativos que levan consigo.

UD	Título da UD	Duración
8	Danzade malditos/as!!	7

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.5 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Colabora cos compañeiros no desenvolvemento e elaboración de coreografías	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Realiza quecementos axeitados antes da práctica motriz		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Participa en función das súas capacidades nas diferentes coreografías		
CA3.4 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproduce coreografías individuais sinxelas		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Respecta as normas de clase		
CA4.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Reproduce coreografías grupais sinxelas		
CA5.1 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Mostra dominio corporal nos diferentes pasos coreográficos		
CA5.2 - Desenvolver habilidades sociais de acollida, inclusión, axuda e cooperación ao participar en prácticas motrices variadas, resolvendo os conflitos individuais e colectivos de forma dialogada e xusta e mostrando un compromiso activo fronte aos estereotipos e ás actuacións discriminatorias e de violencia.	Utiliza o diálogo para resolución de conflitos xurdidos no traballo en equipo.		
CA5.3 - Participar activamente en xogos motores e noutras manifestacións artístico-expresivas con arraigamento na cultura propia, tradicional ou actual, así como noutros procedentes de diversas culturas, contextualizando a súa orixe, a súa aparición e a súa transmisión ao longo do tempo e valorando a súa importancia, repercusión e influencia nas sociedades pasadas e presentes.	Participa activamente en actividades artístico-expresivas tradicionais		
CA5.5 - Reproducir distintas combinacións de movementos ou coreografías individuais e grupais con intención comunicativa e que transmitan sentimentos, emocións ou ideas a través do corpo, empregando os distintos recursos expresivos e rítmicos da corporalidade.	Utiliza os recursos expresivos do corpo en actividades rítmica		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos

- Saúde social:
- Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas.
- Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver.
- Toma de decisións:
- Localización no espazo en situacións cooperativas.
- Posicionamento no espazo e recolocación tras cada acción en situacións motrices de persecución e de interacción cun móbil.
- Anticipación ás decisións ofensivas do adversario en situacións de oposición de contacto.
- Pase a compañeiros desmarcados ou en situación vantaxosa en situacións motrices de colaboración-oposición, de persecución e de interacción cun móbil.
- Esquema corporal.
- Equilibrio estático e dinámico en situacións a diversas alturas e sobre superficies estables e inestables.
- Coordinación dinámica xeral e segmentaria.
- Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas.
- Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Combinación de habilidades.
- Creatividade motriz: variación e adecuación da acción motriz ante estímulos internos e externos.
- Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima.
- Achegas da cultura motriz á herdanza cultural. Os xogos e as danzas do mundo como manifestación da interculturalidade.
- Coñecemento e práctica de bailes e xogos populares, tradicionais e autóctonos de Galicia.
- Usos comunicativos da corporalidade: comunicación de sensacións, sentimentos, emocións e ideas simples.
- Práctica de actividades rítmico-musicais con carácter expresivo.

UD	Título da UD	Duración
9	Cuntis, espazo natural	10

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece a actividade física no medio natural como elemento fundamental dun estilo de vida saudable	TI	100
CA1.4 - Mostrar unha disposición positiva cara á práctica física e cara ao esforzo, xestionando as emocións que xurdan en contextos de actividade motriz.	Participa activamente nos xogos e actividades propostas		
CA2.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e mantemento do material, así como dos espazos e instalacións, no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	Mostra actitudes de coidado do medio natural		
CA2.8 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Adapta a súa motricidade as características do entorno recoñecendo e evitando perigos		
CA3.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	Realiza habilidades básicas adaptándoas ao entorno inestable do medio natural		
CA3.5 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos de carácter terrestre ou acuático, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Respecta as normas de seguridade en actividades no medio natural		
CA4.2 - Respetar as normas consensuadas na clase, así como as regras de xogo, actuando desde os parámetros da deportividade e do xogo limpo e valorando a achega dos participantes.	Coñece e respecta as normas dos xogos e actividades		
CA6.1 - Recoñecer a actividade física como alternativa de lecer saudable, identificando desprazamentos activos e sustentables e coñecendo os efectos beneficiosos desde o punto de vista físico, mental e social que supón adoptar un estilo de vida activo.	Recoñece o medio natural como alternativa de ocio activo		
CA6.2 - Tomar medidas de precaución e prevención de lesións en relación coa conservación e co mantemento do material no marco das distintas prácticas físico-deportivas, coñecendo protocolos básicos de actuación ante accidentes que se poidan producir neste contexto.	É capaz de reaccionar pedindo axuda en situacións de perigo.		
CA6.3 - Empregar os compoñentes cualitativos e cuantitativos da motricidade en distintos contextos e situacións motrices, adquirindo un progresivo control e dominio corporal sobre eles.	É capaz de desprazarse polo medio natural con dominio do seu corpo		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA6.4 - Desenvolver unha práctica motriz segura en contextos naturais e urbanos, adecuando as accións á análise de cada situación e aplicando medidas de conservación ambiental.	Respecta as normas de circulación vial como peón no seus desprazamentos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Saúde social: - A actividade física como hábito e alternativa saudable fronte a formas de lecer nocivas. - Aceptación de distintas tipoloxías corporais para practicar, en igualdade, diversidade de actividades físico-deportivas. - Saúde mental: - Beneficios a nivel psicolóxico dun estilo de vida activo. - Autoconecemento e identificación de fortalezas e debilidades ou posibilidades e limitacións en todos os ámbitos (social, físico e mental). - Coidado e preparación do material, espazos e instalacións que se vaian utilizar segundo a actividade que se pretenda desenvolver. - Esquema corporal. - Coordinación dinámica xeral e segmentaria. - Capacidades condicionais: capacidades físicas básicas. - Habilidades e destrezas motrices básicas: locomotrices, non locomotrices e manipulativas. Combinación de habilidades. - Autonomía persoal e confianza nas propias posibilidades: autoestima. - Normas de uso: educación viaria. Uso de medios de desprazamento con rodas. Mobilidade segura, saudable e sustentable. - Espazos naturais no contexto urbano: uso, gozo e mantemento. - Material para actividades no medio natural e urbano: valoración previa e actuación ante posibles danos. - Prevención e sensibilización sobre a xeración de residuos, fomentando a construción e a reutilización de materiais para a práctica motriz. - Realización de actividades físicas no medio natural e urbano. - Coidado e conservación da contorna durante a práctica de actividade física no medio natural e urbano.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As metodoloxías activas contribuirán á adquisición das competencias clave, convertendo o xogo nun importante recurso metodolóxico, dado o carácter global e lúdico desta área ao longo de toda a etapa. Destacando especialmente as actividades cooperativas sen rexeitar o aspecto competitivo xa que contribúen a saber gañar e saber perder.

O xogo ten o valor extra de dar ás sesións un carácter divertido e de contribuír a fomentar aprendizaxes

significativas. Na organización da clase intentaremos evitar, na medida do posible, os tempos mortos e de espera, para o cal debemos contar con material suficiente ou diversificar as actividades. Cando se desenvolvan actividades que requiran esforzos, distribuiremos axeitadamente o tempo de recuperación, variando o tipo de actividade.

Os estilos a utilizar serán variados e dependerán da actividade para desenvolver; así utilizaremos estilos máis directivos (mando directo, asignación de tarefas) en actividades que esixan unha maior intervención do profesor (por exemplo no desenvolvemento de coreografías e danzas tradicionais). Da mesma maneira avogaremos por estilos menos directivos (resolución de problemas, descubrimento guiado,...) buscando unha maior autonomía no alumnado (desenvolvemento dos traballos e posta en escena deles)

Propoñer proxectos significativos para o alumnado utilizando metodoloxías non directivas (descubrimento guiado, resolución de problemas e libre exploración), o traballo cooperativo e os retos motrices, reforzando a reflexión e a responsabilidade, minimizando os posibles riscos e extremando as medidas de precaución. A progresión irá desde tarefas sinxelas cara ás de maior dificultade.

O descubrimento guiado e a resolución de problemas son estilos que se basean en propostas motrices que crean unha dúbida nos coñecementos previos do alumnado, para que investigue e chegue a unha ou varias solucións, que polo feito de ser descubertas pola propia persoa afianzan a aprendizaxe na súa estrutura cognitiva, así como aumentan de xeito considerable a súa autonomía e autoestima.

Na iniciación predeportiva utilizarase o modelo compresivo do deporte, xa que entendemos que , a través deste modelo, foméntase unha transferencia positiva entre deportes de colaboración- oposición e o tempo de compromiso motor do alumnado aumenta de xeito significativo.

Uso de distintas metodoloxías que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado, partindo das súas capacidades, valorando non só o resultado senón a progresión e o proceso da actividades motriz mesma favorecendo a capacidade de aprender por si mesmos.

No transcurso de cada UD utilizaranse diferentes agrupamentos de alumnos (gran grupo, pequeno grupo, parellas, traballo individual. A labor do docente será a de aplicar a información inicial e ir polos diferentes grupos achegando o feedback necesario, unhas veces de forma individual e outras de maneira masiva. A aplicación das TICs (tecnoloxías da información e a comunicación) vai favorecer o coñecemento dos resultados, debemos utilizalas omo ferramenta ou instrumento na busca de información e tamén como reflexión e difusión.

A acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe. Tamén favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo, e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía, a reflexión e á súa aplicación na vida cotiá, fóra da contorna do centro.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Convencional de pequeno tamaño: aros, pelotas, picas...
Convencional de gran tamaño: colchonetas, bancos, porterías...
Non convencional: globos, sacos, panos...
Non convencional refutable: Chapas, xornais, botellas de plástico...
Informático e audiovisual: altosfalantes, ordenador, proxector, equipo de música....
Instalacións: patio, ximnasio, pavillón, zonas verdes do centro...

Poderíamos definir os recursos e materiais didácticos como os instrumentos e medios que suministran información ao docente sobre futuras pautas ou decisións acerca de todo o proceso ensino - aprendizaxe. Os diferentes materiais e recursos didácticos que utilizaremos deberán cumprir as seguintes funcións:

1. Función de apoio á aprendizaxe: os materiais favorecen a interiorización dos contidos dunha maneira eficaz e significativa dentro do proceso de adquisición de aprendizaxe. Os materiais xogan un papel esencial ao ser os canalizadores na selección e almacenamento da información.
2. Función estruturadora: axudan á hora de ordenar e estruturar toda a información que reciben, de maneira que o abstracto verase transformado en coñecementos máis concretos e accesibles, conseguindo con iso, que os alumnos obteñan unhas aprendizaxes máis específicas e concretos.
3. Función motivadora: todo recurso material ten que ser chamativo, fonte de interacción e favorecedora da aprendizaxe de forma agradable, divertida e pracenteira, onde o neno non conciba en si mesmo o obxectivo principal que persegue, que é a aprendizaxe, senón que considere toda actividade educativa como unha ampliación máis da súa vida diaria.

Con base no sinalado, Bautista (2010) establece unha serie de características que deben ter os materiais en relación á función complementaria que realiza na actividade educativa, como:

- Carácter motivador; xa que, segundo a forma, textura, cor e características particulares do material, espertase o interese e curiosidade para a súa utilización.
- Carácter polivalente; os materiais poden ser utilizados como elementos en varias actividades escolares e como elementos de diferentes xogos.
- Carácter colectividade; a súa utilización pode ser individual ou colectiva.
- Carácter de accesibilidade; estar organizado e dispoñible para a libre elección dos alumnos.

A importancia do material, os recursos e estímulos aplicados como xogo na Actividade Física son fundamentais xa que permiten realizar experiencias múltiples, mediante os cales se vai acadando a comprensión concreta e precisa dos obxectivos nas metas propostas, así como tamén o proporcionar a capacidade de poder crear, relacionar, e transformar o que se quere alcanzar en coñecemento, cun ambiente cheo de emocións, sensacións e experiencias propias do ser humano mediante actividades lúdicas.

En función da unidade didáctica e sesión a impartir, empregaranse uns materiais e recursos diferentes. Deben estar acordos ás actividades para realizar. O material dependerá do propósito co cal se vai a traballar, polo que será preciso analizar: a idade, as capacidades, a contorna, entre outras.

Tamén teremos en conta para a impartición da área os recursos que nos ofrece a comunidade e o entorno (parques, plazas, espazos verdes, sendeiros..) e que igualmente serán empregados cando así se considere.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

O desenvolvemento da unidade didáctica 1 servirá para coñecer o punto de partida que ten o grupo, xa que ao propor diferentes actividades deportivas (deportes individuais, de adversario, colectivos) e introducindo o baile tradicional, permitiranos coñecer o nivel inicial do alumnado na actividade motriz en diferentes contextos.

Na primeira sesión de cada unidade plantexarase algunha actividade ou xogos para observar o nivel de partida do alumnado.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	8	12	12	14	12	10	10	6	16	100
Táboa de indicadores	100	100	100	100	100	100	100	100	100	100

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación se baseará no cálculo da media da cualificación das unidades didácticas de cada trimestre.

Entendemos que imos desenvolver contidos comúns ao longo de todo o curso que consideramos básicos para a creación e consolidación de hábitos de práctica de actividade física na vida diaria como poden ser: implicación na tarefa, resolución de problemas. regulación de conflitos derivados da práctica motora, cumprimento das regras de xogo e regulamento das actividades deportivas, hixiene corporal, prevención de riscos na práctica motora.

Polo descrito no anterior parágrafo para tomar a decisión da cualificación final non utilizaremos os criterios de media aritmética dos tres trimestres, xa que ao haber contidos que se traballan a longo do curso e que entendemos fundamentais para asegurar unha práctica autónoma de actividade física (obxectivo final da área de EF). terá un maior peso a nota do 3º trimestre. Polo que a cualificación final non poderá ser menor ca do 3º trimestre.

Criterios de recuperación:

Para recuperar determinados contidos reforzaremos o traballo dos mesmos en períodos de práctica autónoma e libre de actividade física presentes nas sesións ordinarias da área.

6. Medidas de atención á diversidade

No 4º curso do centro podemos comentar que dentro dos grupos hai:

- Un alumno con TDHA:

1- Ubicación preto do mestre nas explicacións para axudarlle a prestar atención e comprobación mediante preguntas de se as entendeu.

2- Instrucións breves e concisas, utilizando palabras clave

3- Disminución na medida do posible de estímulos (material que non se utiliza, ruído...)

4- Evitar tempos de espera.

- Un alumno con dificultades na coordinación grosa.

1- Utilizar entornos de práctica seguros con material que amortigüe caídas.

2- Simplificación das habilidades técnicas dos diferentes deportes.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación para a saúde	X	X						
ET.2 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento substentable					X			

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.3 - Igualdade entre homes e mulleres	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Educación para a paz		X	X	X	X	X	X	X

	UD 9
ET.1 - Educación para a saúde	X
ET.2 - Educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable	X
ET.3 - Igualdade entre homes e mulleres	X
ET.4 - Educación para a paz	

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
CONMEMÓVETE: O Magosto	Con motivo da celebración do magosto do Centro, realizárase unha sesión de xogos tradicionais.	X		
CONMEMÓVETE: Festival de inverno	Como ven sendo tradición, como actividade final do primeiro trimestre farase un festival de inverno. Dende a área de EF prepararanse coreografías, exhibicións de acrosport, circo, activiades expresivas...	X		
CONMEMÓVETE: Día da Paz	Realizarase unha xornada de xogos cooperativos.		X	
CONMEMÓVETE: Entroido	Entre as actividades da celebración do entroido farase un desfile con coreografía relacionado coa temática do disfraz		X	
CONMEMÓVETE: 8 M- Día da muller	Adicaranse sesións de xogos dar a coñecer as grandes olvidadas do deporte da nosa CCAA, país....		X	
Saídas a contorna natural	Ao longo das diferentes unidades, utilizaranse espazos naturais próximos ao centro para traballar contidos específicos das mesmas en entornos de alta incertidumbre.	X	X	X
Contratos Programa CP Innova: EDUsaúde. Andainas.	Andainas pola contorna urbana e natural de Cuntis.	X	X	X
Contratos Programa CP Innova: EDUsaúde.	Dinamización dos recreos con actividades físicas e xogos motrices.	X	X	X

Observacións:

Entendemos como actividades complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que se utilizan.

Ao longo do curso levaranse a cabo as actividades complementarias aprobadas na PXA e quedando abertas a posibles actividades complementarias e extraescolares que xurdan ao longo do curso. Estas novas actividades serán aprobadas seguindo a normativa vixente.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O número de sesións foi axeitado para adquirir as aprendizaxes programadas.
O nivel de dificultade das actividades foi axeitado ás características do alumnado
Utilizáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Elaboráronse situacións e probas de avaliación adaptadas as necesidades do alumnado.
Metodoloxía empregada
Os xogos e actividades propostas foron motivantes para o alumnado
Consegiuse a participación activa de todo o alumnado.
Utilizáronse diferentes estratexias metodolóxicas en función das aprendizaxes e das características do alumnado.
Combinouse traballo individual con grupal.
Fomentouse o traballo en equipo e a resolución consensuada de conflitos.
Fixéronse explicacións xerais para todo o alumnado e individuais no momento que o alumnado o precisou.
Déuselle a posibilidade ao alumando de coñecer e comentar os seus logros e acertos.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
Incorporáronse as TIC no proceso de ensino-aprendizaxe.
Os materiais e recursos utilizados estiveron adaptados as características do alumnado.
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse axeitadamente á diversidade de alumnado.
Atendeuse axeitadamente á diversidade de alumnado.
Clima de traballo na aula
Consegiuse un clima axeitado no desenvolvemento das sesións.

Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose un contacto periódico coas familias.
Traballáronse contidos de maneira interdisciplinar con outras áreas.

Descrición:

Farase unha valoración do proceso para ir realizando axustes, se fose preciso. Trimestralmente usaranse indicadores de logro, para comprobar se o noso proceso docente está a seguir as directrices programadas e se é necesario facer modificacións no mesmo para mellorar a nosa actuación e conseguir unha maior coherencia co contexto educativo concreto no que a levamos a cabo, atendendo ás necesidades e intereses do alumnado.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O proceso de seguimento, avaliación e propostas de mellora realizarase a medida que se van rematando as unidades didácticas, facendo un proceso de recompilación que se reflectirá na memoria final.

9. Outros apartados